

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 14 DE XANEIRO DE 2013.

En Bergondo, a 14 de xaneiro de 2013 sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, no local de Santa Marta de Babío, Concello de Bergondo.

Asistentes:

- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa das mulleres (Asociación Elas) e da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas). Secretaria da Asociación.
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva”).
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. Xoan Alvarez Llana en representación da *Mesa do sector institucional* (Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia)
- D. Carlos Vales Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- Dna. Florinda Duarte Gerpe, Concelleira de educación, emprego e comercio do Concello de Carral, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.

- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG's* (ASPACE).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en calidade de asesor externo da Asociación “Mariñas – Betanzos”.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

Preside a reunión D. Cesar Longo Queijo, Vicepresidente da Asociación e Alcalde de Paderne.

A representante da Asociación Roxin Roxal, quere que se incorporen a esta acta para ser aprobada os seguintes aspectos:

- Solicita que se envíe toda a documentación relativa á Xunta Directiva coa maior antelación posible ás celebracións das mesmas.
- Propón que se editen as conclusións do Congreso de Desenvolvemento Rural e LEADER – Horizonte 2014-2020- e que se envíen as conclusións aos membros da Xunta Directiva. Se acorda subilas á páxina web da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia e a da Asociación “Mariñas – Betanzos”.
- En relación aos traballos desenvolvidos polas dúas alumnas en prácticas, e a vindeiros traballos, que se desenvolvan en lingua galega.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior (14 de novembro de 2012).

2. SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER 2007-2013.

2.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS PROGRAMA LEADER:

2.1.1.- AMPLIACIÓN DE VIVEIRO EN BETANZOS (L13-41100-29-0210)

Con data 02 de xaneiro de 2013 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de “Ampliación de viveiro en Betanzos”.

O promotor do proxecto, Pablo López Calviño, fíxose cargo no ano 2000 da explotación familiar centrada na obtención de semente e posteriormente as plántulas para a súa distribución por toda Galicia.

Este proxecto produtivo consiste na ampliación dos actuais viveiros multiplicadores para evitar a polinización cruzada e potenciar as liñas de produto de variedades tradicionais como a cebola e repolo de Betanzos. Por outra banda o novo viveiro vaise utilizar para catalogar e identificar a semente da leituga de Feáns ademais de facer traballos de experimentación e de selección do tomate Negro de Santiago.

Con este proxecto o promotor adquire o compromiso de creación dun emprego (un emprego colectivo desfavorecido).

Investimentos do proxecto: 4 invernadoiros con pantalla térmica e control de clima; sistema de rega; sistema de aboado; cámara de xerminación; nivelación e adecuación do terreo; instalación eléctrica; cimentación e pavimentado e malla para o terreo.

Ten cabida na medida 411 (Investimentos no sector agrario) do Réxime de Axudas do Programa Leader, no apartado de recuperación de variedades tradicionais.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 170.542,58.- € (138.320,15.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 70,66 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 45% (62.244,07.-€) sobre un orzamento elixible de 138.320,15 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.2.- CREACIÓN CEBADEIRO FRISÓNS GALEGOS (L12-41100-29-0200)

Con data 18 de outubro de 2012 entrou no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de “CREACIÓN CEBADEIRO FRISÓNS GALEGOS”.

A entidade promotora do proxecto é a Fundación “Centro Galego de Solidaridad-Proxecto HOME”, que vai adaptar un local situado na Finca de Bos en Guísamo, para adicalo a cebadeiro de terneiros Frisóns Galegos para 500 prazas.

Con este proxecto a entidade promotora adquire o compromiso de creación de emprego (un emprego colectivo desfavorecido).

Investimentos do proxecto: obra civil, maquinaria, elaboración proxecto e certificación.

Ten cabida na medida 411 (Investimentos no sector agrario) do Réxime de Axudas, no apartado de apoio a novas producións e valor engadido. Os investimentos desta iniciativa ascenden a 262.270,07- € (217.218,48.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 69,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 40% (86.887,39.-€) sobre un orzamento elixible de 217.218,48 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

Dende a Xerencia infórmase aos asistentes que teñen entrado outros expedientes tras o envío da Convocatoria, que incorpóranse neste punto da orde do día.

2.1.3.- CREACIÓN MICRO-CERVEXERÍA ARTESÁN “EIRA DA PEREIRA”(L13-41100-29-0214)

Con data 09 de xaneiro de 2013 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “CREACIÓN MICRO-CERVEXERÍA ARTESÁN “EIRA DA PEREIRA”.

A promotora do proxecto, M^a Rosario Candela Iglesias ten adquirido coñecementos sobre a produción e comercialización da cervexa dende o ano 2011.

Este proxecto produtivo consiste na creación dunha cervexería artesanal en Carral, para su posterior comercialización en circuítos curtos (cervexerías, restaurantes, comercio electrónico, tendas gourmet...). Pretende elaborar principalmente unha cervexa tipo “Bitter Inglesa”, de malta de cebada e de estilo alemán con trigo, aínda que non descarta a posteriori crear outros tipos de cervexa. Con este proxecto a promotora adquire o compromiso de creación dun emprego autónomo (un emprego colectivo desfavorecido).

Investimentos do proxecto: obra civil de adaptación do local, maquinaria e mobiliario (cuba de cocción, chapadora neumática, queimadores, soporte de fermentadores, fermentadores, bombas, mangueras, lavabotellas, enfriador de placas, enchedora, etiquetadora, transpaleta, mesa elevadora, roll container, mesa envasar, estanterías e ordenador).

Ten cabida na medida 411 (Investimentos no sector agrario) do Réxime de Axudas do Programa Leader, no apartado “aumento do valor engadido dos produtos agrarios coa transformación e comercialización de produtos agrarios”.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 60.748,50.- € (50.205,37.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 75 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 45% (22.592,42.-€) sobre un orzamento elixible de 50.205,37 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.4.- AMPLIACIÓN DA ACTIVIDADE DUNHA EMPRESA DE SERVIZOS AMBIENTAIS (L12-41300-29-0210).

Con data 31 de decembro de 2012 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “AMPLIACIÓN DA ACTIVIDADE DUNHA EMPRESA DE SERVIZOS AMBIENTAIS”.

A entidade promotora do proxecto, NAGAR SERVICIOS AMBIENTALES S.L.N.E, está ubicada en Oza dos Ríos. Esta entidade unipersoal foi creada a principios de 2007 para efectuar servizos de silvicultura (desbroces, plantacións forestais, podas...). Dende fai uns anos esta empresa ofrece ademáis servizos de xestión medioambiental para empresas e administracións públicas en materia forestal, residuos, augas... Tamén ofrece servizos de formación en medio ambiente e prevención de riscos laborais.

Tódolos servizos descritos foron desenvolvidos dende o domicilio familiar da aministradora da sociedade ou desprazándose ó lugar en que se atopa cada cliente, pois esta empresa non conta todavía cun lugar onde establecer a súa base de traballo, o que dificulta o acceso ó cliente particular.

A experiencia recibida durante os anos de traballo desta empresa determinan a decisión de emprender un novo proxecto de actividade enfocado á asesoría integral dos propietarios forestais.

Este novo e pioneiro servizo consiste na atención e acompañamento do propietario forestal en tódolos ámbitos, asesorando dende o momento da compra dunha propiedade ou a plantación da mesma, ata o momento da venda da madeira pasando pola taxación independente da madeira, asesoría xurídica medioambiental, elaboración de proxectos, trámites coa administración, subvencións e asesoría sobre a plantacións.

Con este proxecto a entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego.

Ten cabida na medida 413 Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida, do Réxime de Axudas do Programa Leader, no apartado “Servizos para a economía e a poboación rural”.

Os investimentos deste proxecto consiste na adquisición e adaptación do local, creación páxina web, adquisición do mobiliario e equipamento para o desenvolvemento da actividade.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 60.000.- € (49.586,78.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 55 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 37,5% (18.595,04.-€) sobre un orzamento elixible de 49.586,78 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.5.- AMPLIACIÓN SERRADOIRO EN VILACOBA (L12-41300-29-0164).

Con data 03 de febreiro de 2012 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “AMPLIACIÓN SERRADOIRO EN VILACOBA”

A entidade promotora do proxecto, MADERAS J. SEOANE S.L., conta cun serradorio ubicado en Vilacoba (Abegondo).

Este proxecto consiste na ampliación da actividade dun serradoiro en Vilacoba coa instalación dunha máquina específica para montaxe de palets o que incrementará o volume de actividade e a mellora das condicións de traballo dos operarios.

Con este proxecto a entidade promotora adquire o compromiso de creación de 0,5 empregos (colectivo desfavorecido).

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida” , no apartado “Ampliación de PEMES” do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos deste proxecto consiste na ampliación da nave e adquisición da máquina para facer palets.Os investimentos desta iniciativa ascenden a 47.588,06.- € (40.588,06.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 63,33 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 41,67% (16.913,04.-€) sobre un orzamento elixible de 40.588,06 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

3. PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO “RURAL – EMPREGA” 2012 – 2013.

Este Programa está estruturado en **tres itinerarios de traballo**. En **primeiro lugar**, continuarase coa dinámica de traballo iniciada co programa “Agro-Emprega”, con actividades de formación e orientación vinculadas á produción hortícola ecolóxica.

Por outra parte, impartirase un segundo itinerario dirixido á transformación agroindustrial, no que se tentará dar un paso máis para a fixación do maior valor engadido posible das producións do territorio.

Por último, desenvolverase un terceiro itinerario “Coworking e iniciativa emprendedora” destinado ao fomento de iniciativas emprendedoras e apoio para a elaboración de plans de empresa, dende a óptica do desenvolvemento sostible. (Aprender a Emprender).

Participan neste Programa 100 demandantes de emprego, repartidos nos seguintes Itinerarios:

ITINERARIO I: FORMACIÓN E INTEGRACIÓN LABORAL EN PRODUCCIÓN HORTÍCOLA ECOLÓXICA.

- Prazas: 35
- **Inicio formación teórica (75 horas):** 17/12/2012 no Local Social do Laranxo
- **Inicio formación práctica (65 horas) (finca experimental de prácticas en Vilartó – Santa María de Vigo):**
Grupo A1: 02/01/2013 / Grupo A2: 04/01/2012

ITINERARIO II: FORMACIÓN E INTEGRACIÓN LABORAL EN AGROINDUSTRIA E TRANSFORMADOS.

- Prazas: 35
- **Inicio formación teórica (75 horas):** 18/12/2012 no Local Social do Laranxo
- **Inicio formación práctica (65 horas) (Centro de Capacitación Agraria de Guísamo):**
Grupo B: Agroindustria (viño, sidra...): 12/02/2012
Grupo B1: Agroindustria (xabóns, cosmética...): 13/03/2012
Grupo B2: Agroindustria (xabóns, cosmética...): 14/03/2012

ITINERARIO III: FOMENTO DA INICIATIVA EMPRENDEDORA (APRENDER A EMPRENDER)

- Prazas: 30
- **Inicio itinerario (100 horas):** 06/02/2012

Informar, que dentro deste Programa tense impartido aos alumnos do Programa un curso de Prevención de Riscos Laborais de 20 horas, que se celebrou en dous grupos no mes de decembro:

Grupo A: 03/12/2012 ao 11/12/2012 / Grupo B: 12/12/2012 ao 18/12/2012

3.1. Neste Programa participan as seguintes entidades: Rede Eusumo da Consellería de traballo e Benestar; IGAPE e a Fundación Juana de Vega (seminarios formativos). A Xunta Directiva autoriza sinatura de Convenios á Presidencia e a Vicepresidencia con estas entidades para o desenvolvemento de itinerarios e xornadas formativas.

3.2. A Asociación Mariñas – Betanzos ten solicitado financiamento alleo para facer fronte a este proxecto:

Os fondos dispoñibles da Asociación Mariñas-Betanzos a 31 de decembro de 2012 ascenden a 48.714,74 (18.714,74.-€ +30.000 póliza de crédito Banesto).

A previsión de gastos do primeiro cuatrimestre do ano 2013 incrementase respecto dos gastos do ano 2012 xa que a Asociación conta cun novo programa de “Dinamización do emprego no medio rural (RURAL-EMPREGA)” que leva aparelado un investimento por importe de 75.317,24.-€ que ten que estar executado antes do 14 de abril de 2013. Os gastos do equipo xestor do Programa Leader por importe de 34.000.-€. non serán aboados por Agader ata maio e a execución dos proxectos de Cooperación devengarán investimentos por importe de 30.000.-€

Por todo isto no primeiro cuatrimestre do ano 2013, a Asociación necesita dispoñer de 139.317,24.-€. para facer fronte aos investimentos.

Ademais a Asociación Mariñas-Betanzos a 31 de decembro de 2012 ten pendente de cobro: 55.997,57.-€. Aínda que espérase cobrar estas débedas antes do 30 de abril del 2013, a Asociación Mariñas-Betanzos descoñece con exactitude as datas de cobro destas axudas o que pode dar lugar a un desfase de tesourería.

Por este motivo para executar todo o programa de “Dinamización do emprego no medio rural (RURAL-EMPREGA), os proxectos de Cooperación e outros proxectos que poidan xurdir (Fundación Biodiversidade) sería necesario contar cunha nova póliza ou préstamo para facer fronte aos gastos do proxecto que pode oscilar, dependendo do cobro das anteriores débedas, entre 20.000.-€ e 42.000.-€.

OFERTAS PRÉSTAMOS, PÓLIZA DE CRÉDITO

ENTIDADE	TIPO FINANCIACIÓN	CANTIDADE	COMISIÓN APERTURA	TIPO INTERÉS	PRAZO	AMORTIZACIÓNS	OUTROS
NOVA CAIXA GALICIA	PRÉSTAMO APROBADO	28.000	4,50%	0,00%	1 ANO	MENSUAL	
TRIODOS BANK	PRÉSTAMO APROBADO	42.600	1,50%	7,25% anual. Pago trimestral	2 ANOS	50% 31/12/2013 50% 31/12/2014	* 5 transferencias mensuais gratis. A partir de la 6º, un euro de comisión fija.
BANCO ETCHEVERRIA	POLIZA CRÉDITO (PENDIENTE DE CONCESIÓN)	20.000	1,00%	8% ANUAL	1 ANO		*Comisión 0,4 trimestral do saldo non disposto. *Comisión transferencias a negociar

A Xunta Directiva autoriza á Presidencia ou Vicepresidencia e Tesoreira para oficializar o préstamo coa entidade TRIODOS BANK por importe de 42.600 euros.

3.3. Proposta de solicitude de rexistro da Asociación Mariñas – Betanzos como entidade de aconsellamento e de xestión de explotacións agrarias:

Antecedentes

- Ademais de parámetros produtivos, a xestión dunha explotación agraria abrangue outra serie de ámbitos como os socio-económicos, administrativos, comerciais, ambientais ou alimentarios. Este aspecto multifuncional determina un certo nivel de complexidade na actividade agraria no que os titulares das explotacións adoitan precisar apoio para que esta teña unha maior garantía de éxito.

- As particulares condicións edafoclimáticas así como o emprazamento xeográfico do territorio de actuación da Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos” tradúcense na existencia dunha actividade agrícola de certa relevancia centrada na produción hortícola.
- Tomando como base a potencialidade de crecemento da anterior consideración, dende a Asociación “Mariñas-Betanzos” se teñen xurdido iniciativas de desenvolvemento centradas na difusión de cultivos tradicionais, na formación de man de obra no subsector específico da horticoltura ou o fomento de novas iniciativas emprendedoras centradas no ámbito agroalimentario
- Por outra parte, é necesario destacar a procura de recoñecemento das producións e empresas do territorio que se está a levar a cabo a través da Candidatura a Reserva da Biosfera pola UNESCO “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” impulsada dende o GDR Mariñas-Betanzos xunto coa Deputación da Coruña. O feito de poder acadar dito recoñecemento posibilitará a xeración de novas oportunidades económicas para as empresas do territorio que, no caso de ter éxito, virán a introducir un novo elemento no citado nivel de complexidade multifuncional das explotacións hortícolas. Nesta liña cómpre considerar a potencial creación dunha marca de calidade para os produtos do territorio, na que tería cabida a orientación hortícola.
- Desta maneira, por mor da cantidade e complexidade dos inputs mencionados, propónse como iniciativa de de interese a rexistro da Asociación de Desenvolvemento “Mariñas-Betanzos” como entidade de aconsellamento e xestión de explotacións agrarias.

1. Lexislación relacionada

1.1. Regulamentación

- Decreto 235/2007, do 29 de novembro, polo que se regulan os servizos de aconsellamento e de xestión das explotacións agrarias.
- Orde do 13 de febreiro de 2008 pola que se desenvolve o procedemento para o recoñecemento e rexistro de entidades con servizos de aconsellamento ou xestión de Galicia, conforme o previsto no Decreto 235/2007, do 29 de novembro, polo que se regulan os servizos de aconsellamento e de xestión das explotacións agrarias.

última convocatoria: Orde do 22 de decembro de 2011 pola que se establecen as axudas en concorrencia competitiva para a implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución nas explotacións agrarias, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2012.

2. QUE É UNHA ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E DE XESTIÓN?

Trátase de entidades cuxo obxectivo é o de prestar servizos de asesoramento e xestión destinados a desenvolver programas agronómicos para as diferentes orientacións produtivas. Os servizos de asesoramento están destinados a mellorar o rendemento técnico-económico global das explotacións.

Ámbito do aconsellamento: A actividade de aconsellamento deberá estenderse dende o diagnóstico da situación ata a proposta de execución de melloras en, polo menos, as seguintes materias:

- Requisitos legais de xestión.
- Requisitos de saúde pública e sanidade vexetal.
- Boas condicións agrarias e ambientais.
- Asesoramento sobre sistemas de explotación, utilización de terras e rotación de cultivos.
- Normas sobre seguridade laboral.
- Apoio ao inicio da actividade no caso de persoas agricultoras mozas.

3. Quen pode rexistrarse como ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E DE XESTIÓN?

No caso de implantación de **servizos de asesoramento**, poderán ser beneficiarias as entidades privadas sen ánimo de lucro ou cooperativas ou, en ambos os supostos, as súas unións ou federacións, agás as agrupacións de defensa sanitaria gandeira (ADSG), as agrupacións de agricultores para tratamentos integrados na agricultura (Atria) e as agrupacións de defensa fitosanitaria (ADF), así como as súas unións ou agrupacións.

No caso de implantación de **servizos de xestión**, poderán ser beneficiarias as empresas, cooperativas e entidades asociativas do sector agrario, que teñan a autorización previa do organismo competente da Consellería do Medio Rural e do Mar para exercer esa actividade.

4. QUE REQUISITOS SE DEBEN CUMPRIR PARA ACADAR O REXISTRO COMO ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E DE XESTIÓN?

4.1. Requisitos das entidades que presten servizos de aconsellamento e xestión ás explotacións

- a) Ter personalidade xurídica e enderezo social e fiscal en Galicia.
- b) Dispoñer de oficinas abertas ao público, en horario compatible coa actividade agroforestal e cun ámbito de atención adecuado á dimensión, número e tipoloxía das explotacións a que se pretende ofrecer o servizo de aconsellamento.
- c) Dispoñer dun equipo técnico formado, polo menos, polos seguintes tituladas/os universitarias/os:
- d) Un universitario/a con título oficial na área de agronomía (servizos de aconsellamento a explotacións de produción agrícola).
- e) Dispoñer do persoal administrativo necesario.

- f) Dispoñer de locais, de medios materiais, incluídos os informáticos e telemáticos, axeitados ao labor de aconsellamento, ou comprometerse a adquirilos. Así como dispoñer ou asinar acordos ou convenios con laboratorios recoñecidos para garantir a posibilidade de acceso a equipamentos adecuados de análises de solos, augas, residuos e doutros factores da actividade agraria.
- g) Nos Estatutos da entidade deberase incluír como obxecto social a prestación de servizos de aconsellamento ou de xestión ás persoas dedicadas á agricultura, gandaría ou á explotación forestal.

4.2. Recoñecemento como entidade de aconsellamento e xestión.

Para o recoñecemento como entidade de aconsellamento e xestión deberase presentar a pertinente solicitude ante a Consellería do Medio Rural e do Mar para proceder a inscrición no **Rexistro de Entidades con Servizos de Aconsellamento ou Xestión de Galicia (RESAXEGA)**

Gastos elixibles: No caso de Asociacións sen ánimo de lucro, os gastos elixibles limítanse ao custe salarial necesario para a contratación de persoal técnico e administrativo.

A axuda poderá concederse anualmente por un período de tempo máximo de cinco anos, contados desde a data da implantación do servizo, e como límite ata a data de finalización que se estableza na programación do Programa de desenvolvemento rural de Galicia. A intensidade da axuda será de ata un 60% no primeiro ano de implantación, 48% no segundo, 36% no terceiro, 24% no cuarto e 12% no quinto.

O representante do Colexio de Veterinarios, Xuan Alvarez Llana, propón que se incorpore a produción animal.

O Xerente a este respecto, comenta que para rexistrarse como entidade de aconsellamento gandeira, a Asociación Mariñas – Betanzos, tería que ter en plantilla un veterinario.

A Xunta Directiva acorda realizar os trámites oportunos de solicitude, autorizando así mesmo a sinatura da presidencia, vicepresidencia e secretaría se fose necesario.

4. ACTIVIDADES PARA O ANO 2013

4.1. XORNADAS FORMATIVAS / SEMINARIOS (1º CUADRIMESTRE):

A Xunta Directiva acorda a realización destas xornadas e seminarios con esta temática, dentro do Expediente da Medida 431-B:

- A Paisaxe na Reserva da Biosfera
- Programas de Responsabilidade Social
- Promoción dos produtos locais: marcas de calidade e turismo.
- Agroecoloxía
- Fomento de emprendemento
- Xornada “Life”
- Xornada sobre Reserva da Biosfera. 21 de marzo (día da árbore)

O representante da Asociación Rabo do Galo, Fernando Bandín pide que todas as xornadas que se leven a cabo teñan elevada compoñente técnica en práctica.

Carlos Vales, representante do CEIDA, informa aos asistentes que tiña negociado coa Deputación facer unhas xornadas co obxecto de proxectar a Candidatura. Trasládouse a Vicepresidencia da Deputación esta proposta para organizar unhas xornadas potentes.

4.2. PROPOSTA INICIAR ELABORACIÓN CANDIDATURA PROGRAMA LIFE

O pasado día 10 de decembro de 2012 celebrouse unha reunión, en coordinación coa Mesa do sector medioambiental de Mariñas – Betanzos, onde participaron técnicos do GDR Mariñas – Betanzos; o representante da Mesa do Sector medioambiental de Mariñas – Betanzos; representantes do GAC Golfo Ártabro, do Programa LIFE – Aquaplann Abegondo e do Grupo Naturista Habitat e o Coordinador para Castela e León da Fundación Global Nature, co obxectivo de analizar os Programas Life Natureza.

PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS DA REUNIÓN:

- ✓ Identificáronse liñas de acción para unha posible candidatura LIFE+.
- ✓ Destacouse o interese de traballar na conservación dos espazos ligados a cursos fluviais e rías.
- ✓ Incidiuse na importancia de elaborar unha candidatura coherente, priorizando as zonas ZEPA e LIC, os hábitats prioritarios e as especies recollidas nas Directivas europeas.
- ✓ Apuntouse a *Margaritifera margaritifera* coma unha especie clave na posible Candidatura LIFE+.
- ✓ Incidiuse na necesidade de involucrar a todos os axentes con intereses no ámbito da Candidatura.

Acórdase traballar nunha posible Candidatura Life para o ano 2013, no ámbito da futura Reserva da Biosfera.

A representante de Roxín Roxal, Sabela Iglesias, propón á Xunta Directiva que se faga unha boa diagnóstico e que haxa conclusións realistas e concretas.

4.3. PROXECTO DE COOPERACIÓN: “TERRITORIOS RURAIS COMPROMETIDOS NA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO”.

A asociación participa dende o ano 2011 neste proxecto conxuntamente con outros oito Grupos de Desenvolvemento Rural. Os obxectivos deste proxecto buscan contribuír á redución das emisións de CO₂ nos territorios asociados, tratando de que as oficinas LEADER traballen pola loita contra o cambio climático dunha forma próxima aos veciños.

Segundo a programación do proxecto, na anualidade 2013 actuarase á vez en varios dos eixes marcados como liñas fundamentais: EIXO 4. XESTIÓN DE RESIDUOS; EIXO 5. FOMENTO DO EMPREGO VERDE; EIXO 6: TRANSVERSAL: INFORMACIÓN PARTICIPACIÓN E SENSIBILIZACIÓN.

Acórdase que as accións que a Asociación “Mariñas-Betanzos” realice nesta anualidade de 2013 sexan:

- Experiencia piloto de compostaxe en explotación agrícola de horta, tratando de documentar as fases e procesos máis importantes para a elaboración de abono orgánico ecolóxico. Con esta información se editaría un pequeno manual describindo as fases a seguir para a súa elaboración e se organizaría unha xornada de portas abertas na explotación co obxectivo de presentar os resultados e o manual. (Faríase na finca de prácticas). (1 centro por concello).
- Reeditar o “*Manual de compostaxe doméstica*” publicado pola asociación no 2011, poñéndoo a disposición do público en xeral na páxina web en formato pdf e en castelán.
- Difusión e coordinación cos municipios do territorio para a posta en marcha dunha iniciativa de recollida de aceites domésticos usados nos centros educativos.
- Identificar as iniciativas innovadoras de “*Empleo Verde*” existentes no territorio da asociación e na comunidade galega que se poderían desenvolver na zona. Realizaríanse visitas con estas iniciativas con persoas desempregadas interesadas en poñer en marcha actividades similares. Ademais se recollerían nunha Guía todas estas oportunidades, cunha descrición detallada da súa posta en marcha.
- Coñecer os produtos transformados ecolóxicos que estanse a vender no territorio e estudar a potencialidade que podería ter a súa produción no mesmo.
- Realización dunha plantación conxunta de árbores o 21 de marzo (Día da árbore) nos 18 concellos que forman a asociación. Esta actividade reforzaría o proceso da Candidatura de Reserva de Biosfera “*Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*” presentada pola asociación ante a UNESCO. A plantación se realizaría preferentemente nos espazos propostos como “núcleo” da Reserva ou nos bosques de ribeira, en colaboración cos concellos, o voluntariado da Asociación, os colexios, iniciativas e asociacións de conservación da natureza e custodia do territorio, administracións públicas, etc.
- Promocionar o mercado de produtos de segunda máan existente nun concello (Oza dos Ríos), tratando de divulgar as súas ventaxas e oportunidades.
- Proxecto de recollida de “Tapóns solidarios” no territorio, a través da Fundación SEUR (<http://www.fundacionseur.org/noticias>). “Tapóns para unha nova vida”, destinado a recoller tapóns de plástico para a súa reciclaxe. O GDR “Mariñas – Betanzos” disporá dun punto de recollida de tapóns na súa sede. O importe obtido pola reciclaxe de tapóns é destinado á axuda e auxilio de menores en estado de necesidade por enfermidades non cubertas polos sistemas sanitarios ordinarios.

A Xunta Directiva autoriza á Presidencia e/ou Vicepresidencia á sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación Seur para a realización conxunta de diversas actividades de colaboración entre as dúas entidades, que contribúan ao cumprimento dos seus fins institucionais dentro do seu ámbito de actuación concreto.

Todas as accións serían presentadas e coordinadas cos técnicos de medioambiente dos concellos, mediante a realización de reunións, buscando ademais a súa colaboración e contando coas súas propostas. Realizaranse con persoal propio imputado a este proxecto.

4.5.PROPOSTA DE INCORPORACIÓN DO GDR MARIÑAS – BETANZOS Á REDE EUSUMO

Rede impulsada pola Consellería de Traballo e Benestar para o fomento do cooperativismo e a economía social. Con ela procúrase o fomento do espírito emprendedor no ámbito local, comarcal e transfronterizo prestando apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social, no territorio de actuación. (<http://www.eusumo.coop/>).

A Rede Eusumo créase para promover este modelo empresarial en todo o territorio de Galicia, impulsando o seu desenvolvemento no ámbito local, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.

Para acceder a condición de entidade colaboradora da REDE EUSUMO deberá acreditarse o interese no desenvolvemento do cooperativismo e da economía social, no apoio ao emprendemento ou no desenvolvemento local. Para formar parte haberá que presentar unha solicitude no Rexistro Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, acompañada dunha memoria explicativa que conteña como mínimo os seguintes aspectos: identificación da entidade; descrición do obxecto social e dos intereses que a moven a adherirse á Rede, medios que poñerá a disposición da Rede e copia compulsada do documento que acredite a personalidade xurídica da entidade.

Unha vez aceptada a solicitude de adhesión á rede, haberá que formalizala mediante un convenio de colaboración que será subscrito entre a persoa titular da consellería competentes en materia de traballo e o representante do GDR Mariñas – Betanzos.

A Xunta Directiva, acorda que se realicen os trámites de solicitude de adhesión, así como autorizar á Presidencia, Vicepresidencia e Secretaría para a súa sinatura, así como posterior convenio de colaboración, designando ao Xerente, D. Jorge M. Blanco Ballón como interlocutor para todas as cuestións coa Rede.

4.6. PROPOSTA INCLUSIÓN NO PROGRAMA CAIXÓN SOLIDARIO. PROGRAMA VOLUNTARIADO.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, ante as numerosas consultas recibidas, quere servir de enlace entre as entidades de acción voluntaria e os cidadáns/cidadás e establecementos que dispoñen de obxectos e materiais que xa non precisan (roupa, alimentos, xoguetes, libros, electrónica, computadores, telefonía móbil, etc).

Por elo, se están a poñer en contacto con todas as entidades do Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia, do que o GDR Mariñas – Betanzos é unha delas, por si están interesadas en ser receptoras dalgúns destes obxectos. Estas entidades pasarían a formar partes dunha base de datos agrupada por categorías.

A Dirección Xeral limitarase a ser un mero transmisor de información, así como un elemento de enlace entre o doante e o receptor, de xeito que a aceptación de participar conleva que o transporte e a recepción dos elementos doados corren por conta de ditas partes, sendo allea á Dirección Xeral as relacións que dende ese momento se entablen entre as partes.

A Dirección Xeral porá a disposición destas entidades un apartado da súa páxina web onde os interesados poderán consultar en cada momento que entidades son receptoras e de que produtos, ademais de proporcionar esta mesma información cando lle sexa solicitada por correo electrónico ou por vía telefónica.

A representante do Concello de Carral, Florinda Duarte, mostra o seu interese en roupa clasificada.

A Xunta Directiva acorda que se realicen os trámites oportunos para participar nesta iniciativa do Programa de Voluntariado Galego.

5. RESULTADO TRABAJO DE PRÁCTICAS DE ALUMNAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NA ASOCIACIÓN MARIÑAS – BETANZOS

A Asociación Mariñas-Betanzos ten asinado coa Universidade de Santiago de Compostela un convenio para a realización de prácticas de alumnos que están realizando o Máster oficial en Dirección Integrada de Proxectos. Rosa Insua Noya e Alba Riguera Otero foron as alumnas que realizaron as súas prácticas na Asociación dende o 15 de outubro ata o 31 de decembro de 2012, cun aproveitamento axeitado.

Rosa Insua, entregou o traballo desenvolvido durante o seu período de prácticas: Programa de Responsabilidade Social Empresarial asociado á Declaración da Reserva da Biosfera, que se xunta como anexo.

Alba Riguera, elaborou as Bases para a catalogación e ordenación da paisaxe na Reserva da Biosfera, ademais dunha proposta de continuidade para abordar a catalogación da paisaxe da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

O Xerente, Jorge Blanco, propón seguir traballando na elaboración do Catálogo da Paisaxe no territorio da Reserva, aproveitando o traballo destes meses de prácticas formativas, buscando fondos para dar continuidade a este traballo, polo que propón solicitar unha axuda na convocatoria do ano 2013 da Deputación Provincial da Coruña. A Xunta Directiva autoriza para que se inicien os trámites de solicitude, así como autoriza á Presidencia como representante en todas as actuacións que se deriven do trámite desta solicitude.

O representante da Asociación Cultura Aberta de Carral, Anxo Ferreiro Bestilleiro, felicita ao Equipo Técnico polo traballo desenvolvido, que vai moito máis aló das súas obrigas, e que teñen demostrado unha elevada capacidade de traballo, esforzo e adicación. Manifesta algo de “temor”, pois están abríndose “moitos frentes” quizais tentando abordar moito, e pensa si habería que concentrar esforzos, xa que os recursos son moi limitados, e sería unha mágoa deixar algún destes traballos sen rematar. Tamén cree que habería que coñecer o traballo sobre a paisaxe e valorar a súa calidade, solicitando que tamén sexa enviado. Acórdase seguir traballando nestas dúas liñas, asociadas á Reserva da Biosfera.

6. ACTIVIDADES 2012 DA ASOCIACIÓN GALEGA DE GDRS. (VER ANEXO V)

Tense enviado a todos os membros da Xunta Directiva o borrador da Memoria anual de actividades 2012.

7. ROGOS E PREGUNTAS

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 21.30 horas.

En Bergondo, a 14 de xaneiro de 2013

A Secretaria
Asdo.: Concepción Lema Torre

Vº e prace Vicepresidencia
Asdo.: D. Cesar Longo Queijo